



Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do estudo piloto na Comunidade Autónoma de Galicia do proxecto AVATARES "Integración de avatares robóticos no sistema educativo para favorecer a inclusión do alumnado con enfermidades crónicas ou de longa duración"

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería), de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), segundo o nomeamento contemplado no Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), actuando en nome e representación da mesma en virtude das facultades previstas no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q-1518001-A e domicilio social no Colexio de San Xerome, praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que a cada un lles están conferidas, con plena capacidade para formalizar este convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a



competencia plena para a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

Ademais, mediante o Real Decreto 1763/1982, transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanza non universitaria.

Segundo . Que, no ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de fomento da colaboración e coordinación con outras entidades públicas e privadas para o desenvolvemento de plans e accións formativas e de investigación no ámbito educativo, incluídas aquelas accións destinadas ao seguimento dos estudos realizados nos centros educativos públicos.

Terceiro . Que a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, contempla entre os seus principios a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación; a inclusión educativa; a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que contribúa a superar calquera discriminación; e a accesibilidade universal á educación como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada en 2008 por España.

Cuarto . Que a Consellería, no desenvolvemento dun modelo educativo inclusivo, equitativo e de calidade, ten como obxectivo promover actuacións dirixidas a garantir o acceso, a presenza e a participación de todo o alumnado, sexan cales sexan as súas características e condicións persoais, intentando compensar as dificultades de acceso e participación, sobre todo do alumnado máis vulnerable.

Quinto . Que o Centro de Innovación Educativa e Dixital (en diante, CIEDIX), dependente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, de conformidade co establecido no Decreto 204/2022, do 24 de novembro, é o órgano encargado de identificar, diagnosticar e obter conclusións sobre a realidade educativa, posibilitando a súa transformación a través da investigación, da innovación e da transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+i e da integración das tecnoloxías que incidan na mellora da calidade educativa, sen prexuízo das competencias que, en materia de innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións, poidan corresponder a entidades integrantes do sector público autonómico e sen prexuízo, ademais, das funcións do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional.



Sexto . A USC é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos e coas institucións públicas para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura.

Sétimo . Que o proxecto AVATARES, do Grupo de Tecnoloxía Educativa (GI-1438) da USC (en diante, TECNOEDUC), ten como obxectivo avaliar o uso de sistemas de tele-presenza –en particular avatares robóticos– nos centros educativos, co fin de reforzar o sentimento de pertenza, evitar o illamento social e manter o vínculo escolar do alumnado con enfermidades crónicas ou con ausencias prolongadas. A través desta proposta pedagóxica, o proxecto pretende reducir o illamento do alumnado que, por motivos de saúde, se ve obrigado a permanecer afastado do centro educativo, evitando así a perda da conexión emocional e social cos seus iguais.

Oitavo . Que a investigación na que se enmarca o proxecto AVATARES xorde do proxecto ERASMUS+ "Interacción e aprendizaxes baseadas en avatares en tempos de enfermidade" (2021-1-AT01-KA220-SCH-000023769), liderado por TECNOEDUC.

Noveno . Que a Consellería e a USC están dispostas a colaborar para o desenvolvemento dunha experiencia piloto do proxecto AVATARES nos termos establecidos neste convenio.

En consecuencia, ambas as partes acordan subscribir este convenio de colaboración atendendo ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través do CIEDIX, dependente da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a través do grupo de investigación TECNOEDUC, para a implementación con carácter experimental da metodoloxía AVATARES en casos vinculados á Aula Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

Dita experiencia piloto consistirá na aplicación e avaliación da metodoloxía AVATARES, baseada no uso de robots de tele-presenza, baixo a dirección e seguimento das investigadoras da USC, en colaboración co equipo do CIEDIX implicado na mesma. A mencionada experiencia piloto levarase a cabo con alumnado de educación primaria



hospitalizado no CHUS e incorporado á súa Aula Hospitalaria, co obxectivo de manter e/ou restablecer o sentimento de pertenza ao seu grupo de iguais do seu centro educativo de referencia.

Segunda. Liñas de actuación

As liñas de actuación nas que se centrará este convenio de colaboración serán as seguintes:

1. Mellorar aspectos socio-emocionais do alumnado hospitalizado.
2. Transferir ao sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia o coñecemento desenvolvido polas investigadoras de TECNOEDUC (metodoloxía AVATARES) e polo CIEDIX, para favorecer a participación escolar do alumnado hospitalizado, evitar o seu illamento e reforzar o sentido de pertenza ao seu centro educativo durante os períodos de ausencia escolar.
3. Implementar con carácter pioneiro unha tecnoloxía educativa validada cientificamente (metodoloxía AVATARES e sistemas de tele-presenza) na planificación das clases e na xestión da aula do alumnado hospitalizado.

Terceira. Cohorte participante

As persoas destinatarias das actuacións derivadas deste convenio serán, principalmente, alumnado de educación primaria que se atope na Aula Hospitalaria do CHUS. Ademais, participará alumnado e profesorado dos centros educativos de referencia do alumnado hospitalizado, dado que os robots de tele-presenza estarán dispostos neses centros, e prevese a realización de enquisas e actividades de avaliación sobre a metodoloxía aplicada no marco do proxecto AVATARES.

Cuarta. Compromisos das partes

A Consellería, a través do CIEDIX, e a USC, a través do grupo TECNOEDUC, concretan a súa colaboración para o desenvolvemento de accións conxuntas en base aos seguintes compromisos:

a. Universidade de Santiago de Compostela:

1. Achegar o seu coñecemento e recursos para a posta en marcha con carácter experimental do proxecto AVATARES, para a inclusión educativa do alumnado hospitalizado, desenvolvido por TECNOEDUC sobre a base das súas investigacións e coñecementos previos. En concreto:
 - a) Unha metodoloxía pedagóxica para a integración de robots sociais e sistemas de tele-presenza no sistema educativo como recurso para a inclusión do alumnado con enfermidades crónicas ou de longa duración durante os períodos



de ausencia escolar, facilitando a súa posterior reincorporación ao centro educativo. Estes sistemas implantaranse nas aulas ordinarias do alumnado participante durante os devanditos períodos, permitindo a asistencia remota ás actividades lectivas mediante un dispositivo electrónico. A conexión establecerase en modo unidireccional, de forma que non se emitirá sinal de vídeo desde a aula hospitalaria, aínda que o alumnado poderá comunicarse por audio co profesorado e cos seus compañeiros e compañeiras de aula.

- b) Un conxunto de instrumentos validados de avaliación do benestar emocional e social do alumnado enfermo e dos seus compañeiros e compañeiras, útiles para o seguimento pedagóxico do proceso de inclusión educativa e da integración da tecnoloxía, así como para a obtención de evidencias científicas sobre o seu impacto no proceso educativo.
- c) Un conxunto de instrumentos validados de avaliación da calidade técnico-pedagóxica da tecnoloxía e das súas posibilidades de aceptación nos centros educativos, que permitan obter evidencias científicas da súa viabilidade e formular recomendacións e melloras baseadas no *feedback* obtido en contextos reais.
- d) Catro sistemas de tele-presenza (Robots AV1) seleccionados polas investigadoras da USC para a realización do estudo piloto do proxecto AVATARES na Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2025-2026. Ditos sistemas serán proporcionados para a realización do estudo pola empresa *No Insolation*, desenvolvedora dos mesmos, no marco dun convenio suscrito entre a USC e *No Insolation*. Os 4 dispositivos contarán durante toda a experiencia piloto cun *service-pack* que inclúe conectividade 4G complementaria, mantemento, soporte técnico, cobertura de ata 2 danos accidentais, substitución e reparacións. Dita actuación darase conta aos responsables do convenio suscrito entre a USC e *No Insolation* para o seu coñecemento e as actuacións que procedan (sinatura do Anexo).

- 2. Proporcionar formación ao persoal educativo implicado no desenvolvemento da investigación e do estudo piloto.

b. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- 1. Coordinar, en conformidade cos protocolos da Consellería, a posta en marcha do estudo piloto do proxecto AVATARES e colaborar no seu desenvolvemento.
- 2. Garantir e implicar a toda a comunidade educativa na experiencia piloto do proxecto AVATARES e no bo uso dos sistemas de tele-presenza.



3. Informar aos centros educativos implicados da finalidade do proxecto AVATARES e do uso dos sistemas de tele-presenza.
4. Asegurar, a través da Aula Hospitalaria do CHUS, que o alumnado participante no estudo piloto da metodoloxía AVATARES cumpre todos os requisitos establecidos polas investigadoras do grupo TECNOEDUC.
5. Garantir o seguimento e a coordinación dos profesionais da Consellería implicados no proxecto coas persoas responsables do proxecto AVATARES.
6. Colaborar na recollida de datos para a avaliación do impacto e das posibilidades de aceptación da metodoloxía AVATARES no sistema educativo galego.
7. Colaborar na formación ao persoal educativo implicado no desenvolvemento da investigación e do pilotaxe.

Quinta. Confidencialidade da información e dos resultados

As partes manterán confidencial calquera coñecemento previo sempre que non sexa de dominio público, que reciban da outra parte, non desvelándoo de ningunha forma sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoo para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido por este convenio.

A USC e a Consellería reservan o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio con autorización expresa da outra parte.

Tanto nas publicacións como en calquera tipo de difusión dos resultados respectarase sempre a mención ás persoas autoras do traballo e ao papel das partes. En todas as accións, calquera que sexa o soporte empregado para a difusión, comunicación e promoción das actividades deste convenio, deberá facerse referencia á colaboración entre a Consellería e o grupo TECNOEDUC da USC, así como á metodoloxía pedagóxica AVATARES. Así mesmo, deberán incluírse os logotipos de ambas entidades, vixiando en todo momento o respecto á súa imaxe institucional e un uso axeitado dos mesmos.

As partes autorízanse mutuamente a dar información pública sobre a sinatura deste convenio na que se poderá incluír o título e o prazo de realización.

Sexta. Dereitos de propiedade

1. Cada parte continuará sendo titular do coñecemento previo achegado para o desenvolvemento do proxecto. Non se entenderá cedido a outra parte, en virtude deste convenio, ningún coñecemento previo ao proxecto. Especificamente, no caso da USC entenderase por coñecemento previo a metodoloxía desenvolvida no marco do proxecto AVATARES mencionada no Expoñen sétimo e oitavo . As



partes resérvanse a facultade de utilizar o coñecemento previo do que son propietarias nas súas actividades propias e de facer a difusión que consideren axeitada. Neste sentido, a USC poderá utilizar o coñecemento previo para desenvolver a súa función investigadora, así como en outras aplicacións futuras.

2. As partes poderán utilizar o coñecemento adquirido durante o desenvolvemento do estudo piloto en actividades propias da súa función investigadora.

Sétima. Vixencia e resolución

O presente convenio será válido dende a data da súa sinatura por todas as partes e terá unha duración de dez (10) meses, prazo previsto para o desenvolvemento do estudo piloto obxecto deste convenio. Non obstante, dito período poderase ampliar por acordo mutuo entre as partes mediante a subscripción da correspondente addenda de prórroga, que deberá formalizarse con anterioridade á finalización do prazo inicial.

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) O transcurso da vixencia do convenio sen aprobarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo mutuo das partes.
- c) Por incumprimento por calquera das partes dalgunha das obrigas asumidas en virtude deste convenio, mediante denuncia por algunha das partes por incumprimento, cun previo requirimento á parte incumpridora para que no prazo de dous meses proceda ao cumprimento das súas obrigas, producíndose en caso contrario, unha vez transcorrido o prazo, a extinción do convenio.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á persoa responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o emitiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá con levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previse.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou na normativa vixente. Nestes casos establécese, en función da causa concreta de extinción e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de terminación destas pola Comisión de Seguimento.



- f) A imposibilidade sobrevida de levar a cabo as actuacións obxecto do Convenio apreciada polas partes asinantes.
 - g) Calquera outra que, no seu caso, fose de aplicación conforme á lexislación vixente, sempre que sexa comunicada por escrito á outra parte con antelación suficiente.
3. En caso de resolución do convenio, as partes quedarán obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ata a data en que esta se produza.

Oitava. Obrigacións económicas

Esta actividade non ten carácter contractual; polo tanto, a aplicación e a execución deste convenio, incluíndo a efectos destes todos os actos xurídicos que se deriven do seu desenvolvemento, non xerará obrigas económicas para as partes.

Novena. Comisión de Seguimento

Co obxecto de garantir a execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins, crearase unha Comisión de Seguimento, integrada por dous representantes da Consellería, nomeados pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e dous representantes da USC. A comisión reuniranse cando así o determinen as partes e rexeranse no seu funcionamento polo disposto no Título Preliminar, Capítulo II, Sección Terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que respecta ao funcionamento dos órganos colexiados das distintas administracións públicas, podendo establecer ou completar o seu propio réxime xurídico de funcionamento interno.

A estas reunións poderán asistir, ademais, o persoal técnico que ambas as partes consideren oportuno.

Correspóndelle a esta Comisión de Seguimento a interpretación das cláusulas deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir para o seu cumprimento, execución e consecución dos seus fins.

Unha copia das actas, acordos ou informes que, no seu caso, se emitan por parte da Comisión de Seguimento remitiranse á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Décima. Protección de datos

As partes declaran coñecer e cumprir tanto a lexislación europea como a nacional en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso axeitado aos datos de tal natureza que



obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa vixente aplicable en cada momento en materia de protección de datos.

A realización do estudo contará cos consentimentos informados do profesorado, das familias e do alumnado participante, así como cos informes e autorizacións preceptivas dos comités de ética en investigación da USC e da Consellería, garantindo así o desenvolvemento dunha boa práctica investigadora, a ética e a salvagarda dos dereitos fundamentais e da protección de datos persoais das persoas participantes.

As unidades competentes da USC serán responsables da xestión e custodia dos consentimentos informados relativos á participación, o rexistro e a difusión de imaxes da actividade e das persoas participantes. Pola súa banda, o grupo de investigación da USC xestionará os informes e autorizacións dos comités de ética preceptivos e custodiará os datos de investigación conforme á normativa de protección de datos da USC e ao interese público no ámbito educativo.

As partes asinantes deste convenio, en cada actuación que desenvolvan e que poida afectar dereitos de carácter persoal, establecerán as medidas xurídicas, técnicas e organizativas necesarias para garantir o cumprimento da normativa sobre protección de datos de carácter persoal durante a súa execución, en función da tipoloxía de datos persoais que resulte necesaria en cada caso.

Cada unha das partes asinantes deste convenio, en calidade de responsable do tratamento dos datos persoais, facilitará a cada persoa interesada os datos de contacto da súa persoa Delegada de Protección de Datos. A persoa titular dos devanditos datos poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e oposición, dirixíndose por escrito ás respectivas persoas Delegadas de Protección de Datos ou a través dos mecanismos que as partes informen e poñan a disposición a tal efecto.

Todos os datos recollidos, así como os consentimentos e demais documentación, deberán conservarse durante un período mínimo de cinco anos, de acordo coa Instrución 4/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a autorización da realización de estudos no eido educativo. Así mesmo, todos os datos recollidos serán anonimizados para a súa explotación científica.



Undécima. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Duodécima. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo por razón do seu contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, quedan excluídas do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación puidese suscitar, conforme ao establecido no artigo 4 da citada lei.

Debido á natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puidesen xurdir na súa aplicación e non puidesen ser resoltas no seo da Comisión de Seguimento serán dirimidas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira. Miscelánea

1. Prevención de riscos laborais. - Ambas as partes comprométense a cumprir o Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.
2. Responsabilidade civil. - A responsabilidade civil derivada dos danos e prexuízos que puidesen reclamarse a calquera das partes durante o desenvolvemento do presente convenio será determinada polos xulgados ou tribunais competentes aos que queda sometido o mesmo.

A USC manifesta que na data de sinatura do presente convenio ten concertada e en vigor unha póliza de seguro de responsabilidade civil que responderá dos danos e prexuízos que puideran ocasionarse como consecuencia das actividades desenvolvidas en virtude deste convenio, comprometéndose de maneira firme e irrevogable a mantela en vigor durante o período de vixencia do mesmo.

3. Comité ético. - O estudo obxecto deste convenio conta con informe favorable do Comité de Ética de investigación da USC (USC 30/2025) emitido con data 03/04/2025.



4. Autorización. - O estudo obxecto deste convenio conta coa autorización da Secretaría Xeral Técnica da Consellería emitida con data 14/05/2025, de conformidade coa Instrución 4/2023 desta secretaría, relativa á autorización da realización de estudos no ámbito educativo.

E en proba de conformidade e aceptación dos termos deste convenio, ambas as partes asinan o mesmo na data da súa sinatura dixital.

O Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

O Conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

D. Antonio López Díaz

D. Román Rodríguez González